


Os orzamentos participativos (OP), son unha ferramenta de participación, deliberación e xestión en que a cidadanía fai propostas e decide o destino de parte do orzamento municipal.

O Goberno Municipal abre un novo proceso de OP para que a mocidade de Compostela faga propostas e decida as accións que quere executar. Destinaranse un total de 100.000 € para programas e actividades, e desenvolveranse as actuacións ao longo do ano 2024.

DECIDE! **Compostela Decide**
Orzamentos participativos **MOCIDADE**



CONCELLO DE SANTIAGO

decide.santiagodecompostela.gal

santiagodecompostela.gal/orzamentosparticipativos



Facebook Mocidade Compostela



Instagram @mocidade_compostela



Twitter @mocidade_Compos



Tik-Tok @mocidadecompostela

Fai a túa proposta e ...

en decembro 2023 ata xaneiro 2024

... vota!

A partir do 15 de febreiro 2024



Quen pode participar?

Hai dúas formas de participar: facendo propostas e votando as propostas.

Calquera persoa, sen límite de idade, pode facer propostas de actividades ou programas.

Só poderán votar as **persoas nadas entre 1994-2008** (ambos incluídos) e empadroadas en Santiago de Compostela. Tamén poden votar as mozas e mozos que acrediten estar estudando ou traballando no concello (carné de estudante, matrícula de estudos, contrato de traballo ou nómina).

Que propoñer?

Poderán presentarse propostas relacionadas con **actividades** ou **programas**: festivais, campañas de sensibilización, programas formativos, etc.

As propostas poden dirixirse a calquera **temática**: igualdade, inclusión, medioambiente, cultura, lecer, deporte, voluntariado, etc.

Infórmate cos **exemplos** de actividades que se fixeron noutras edicións de OP en santiagodecompostela.gal/orzamentosparticipativos

Como deben ser as propostas?

Ser **viabes** tecnicamente.

De orzamento inferior a **15.000 euros** por proposta e até o límite de 100.000€. Executaranse antes de que remate o ano 2024.

Serán **competencia** do Concello de Santiago de Compostela, excluíndo proxectos que afecten a contratacións vixentes, ou que supoñan gastos de contratación directa de persoal, gastos asociados a mantemento ordinario e á xestión interna do Concello, e subvencións nominativas.

Serán de **interese xeral**, non privado.

Como é a votación?

Cada persoa pode votar **3 propostas**, asignándolle 3 puntos á proposta que máis valora, 2 á seguinte e 1 punto á última a través de decide.santiagodecompostela.gal

Pechado o prazo de votación, comprobarase a **validez** dos votos que cumpran os criterios de participación: empadroamento, estudos e traballo no Concello de Santiago.






DECEMBRO 23 - XANEIRO 24

Informámonos e facemos propostas!

Podes informarte na **web** e nas **xuntanzas** e talleres informativos (Centros de Ensino, Centro Xove, USC).

Presenta as túas propostas a través dun **formulario** dispoñible en:

-  decide.santiagodecompostela.gal
-  enviando o formulario coa proposta a decide@santiagodecompostela.gal
-  Nos centros socioculturais, xuntanzas e talleres informativos

FEBREIRO 24

Estudamos a viabilidade das propostas!

Rematado o prazo de presentación de propostas o persoal técnico municipal estudará as propostas que sexan **viabes** legal, técnica e orzamentariamente.

Todas as propostas viabes serán valoradas e non excederán dun máximo de **15.000 euros** por actividade ou programa.

FEBREIRO 24

Votamos as propostas!

Finalmente publicarase a **listaxe definitiva** das propostas viabes.

O proceso de votación de propostas realizase a través dun **formulario electrónico** en decide.santiagodecompostela.gal

As propostas que acaden o maior número de votos incorporaranse ao **Orzamento Municipal** para ser executadas en 2024.